

Edición xeral

123 anos do pasamento de Rosalía de Castro

Chega a "data rosaliana de maior participación popular"

Esta terza feira Padrón encherase de actividades: lectura de poemas, presentación de libros, música e a entrega do III Premio para Experiencias Escolares.

Redacción - 09:00 15/07/2008

Esta terza feira, 15 de xullo, cúmprense 123 anos do pasamento de [Rosalía de Castro](#), unha importante efeméride para a cultura galega, mais tamén para a vila de [Padrón](#), que se xunta na Casa da Matanza cada ano por esta data, para lembrar á escritora e poeta na que é, segundo contan os organizadores, a "data rosaliana de maior participación popular".

Esta ano as actividades comezarán ás 20:00 horas, na Casa da Matanza (na Horta da Paz, a entrada é de balde) coa lectura dun poema de Rosalía na voz da vicepresidenta da [Fundación](#) que leva o seu nome, Ana Blanco. A seguir, os académicos [Xesús Alonso Montero](#) e [Xosé Luís Axeitos](#) presentarán dous libros (cos que ao final se agasallará aos participantes): O epicedio de Curros Enríquez "A Rosalía" en vinte linguas (número 8 da colección 24 de febreiro, co que a Fundación pretende render unha homenaxe a [Manuel Curros Enríquez](#) no centenario da súa morte) e Poetas con Rosalía III, (un volume que abren e pechan as aportacións de Salvador Espriu e Ángel García López, e que contén poemas, *ad hoc*, de Marilar Aleixandre, Vicente Araguas, Francisco Xosé Fernández Naval, Antonio García Teijeiro, Margarita Ledo, Manuel Outeiriño, María de Cebreiro, Carlos Negro e Baldo Ramos, que tamén é o ilustrador do libro).

Ademais, hase entregar o III Premio Rosalía de Castro para Experiencias Escolares e o grupo Metais de Galicia poñerá o ton festivo e a música nunha xuntanza cultural que rematará cun pequeno convite na horta da que gozou Rosalía nos tres últimos anos da súa vida.